

INSTRUCCIÓN INTERNAS DE CONTRATACIÓN

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.

XUÑO 2013

INSTRUCCIÓNS INTERNAS DE CONTRATACIÓN

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DAS INSTRUCIÓN.	6
1. Introdución	6
2. Ámbito de aplicación	6
3. Negocios e contratos excluídos.	6
II. CUALIFICACIÓN DOS CONTRATOS E RÉXIME XURÍDICO	6
4. Cualificación dos contratos.	6
5. Contratos suxeitos a regulación harmonizada.	7
6. Carácter privado dos contratos	7
7. Xurisdición competente	7
III. CONFIGURACIÓN XERAL DA CONTRATACIÓN DO PTG E ELEMENTOS ESTRUCTURAIOS DOS CONTRATOS	7
8. Necesidade e idoneidade do contrato	7
9. Prazo de duración dos contratos	8
10. Liberdade de pactos	8
11. Contido mínimo do contrato	8
12. Perfección dos contratos	9
13. Carácter formal da contratación	9
14. Arbitraje	9
15. Réxime de invalidez dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.	10
16. Recurso especial en materia de contratación	10
17. Competencia para contratar. Órgano de contratación	10
18. Responsable do contrato	10
19. Perfil do contratante	10

20.	Capacidade e solvencia do empresario	11
21.	Obxecto, prezo e contía do contrato	12
22.	Garantías	12
IV.	PREPARACIÓN DOS CONTRATOS	12
23.	Aplicación do artigo 137.1 do TRLCSP.	12
24.	Regras procedimentais aplicables en supostos de urxencia e emerxencia.	13
25.	Contratos menores	13
V.	ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA	14
26.	Normas aplicables	14
27.	Convocatoria de licitacións.	14
28.	Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.	14
29.	Redución de prazos en caso de tramitación urxente	14
30.	Criterios de valoración das ofertas	14
31.	Mesa de contratación	15
32.	Ofertas con valores anormais ou desproporcionados	15
33.	Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos en que non se recollan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.	16
34.	Exame das proposición e proposta de adxudicación nos procedementos abertos e restrinxidos cando se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas.	16
35.	Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación	17
36.	Formalización do contrato	18

VI. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA	19
37. Principios aplicables á adxudicación destes contratos	19
38. Procedementos de adxudicación	19
39. Mesa de contratación	19
40. Principios de igualdade e transparencia	20
41. Confidencialidade	20
42. Convocatoria de licitacións	20
43. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións	21
44. Proposicións dos interesados	21
45. Admisibilidade de variantes ou melloras	21
46. Poxa electrónica	21
47. Sucesión no procedemento	23
48. Criterios de valoración das ofertas	23
49. Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación	23
50. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados	25
51. Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación	25
52. Formalización do contrato	25
VII. PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA	25
A) PROCEDEMENTO ABERTO	25
53. Delimitación	25
54. Información aos licitadores	25
55. Prazos para a presentación de proposicións	26

56. Exame das proposicións e proposta de adxudicación	26
B) PROCEDEMENTO RESTRINXIDO	26
57. Caracterización	26
58. Criterios para a selección de candidatos	27
59. Solicitudes de participación	27
60. Selección de solicitantes	27
61. Contido dos convites e información aos convidados	27
62. Proposicións e Adxudicación	28
C) PROCEDEMENTO NEGOCIADO	28
63. Caracterización	28
64. Supostos xerais de aplicación	29
65. Supostos específicos	29
66. Delimitación da materia obxecto de negociación	29
67. Anuncio de licitación e presentación de solicitudes de participación	29
68. Negociación dos termos do contrato	30
D) DIÁLOGO COMPETITIVO	30
69. Remisión ás regras do TRLCSP.	30
VIII. RACIONALIZACIÓN TÉCNICA DA CONTRATACIÓN	30
70. Sistemas para a racionalización técnica da contratación	30
71. Acordos marco	30
72. Sistemas dinámicos de contratación	31
73. Centrais de contratación	31
IX. EFECTOS E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS	31
A) EFECTOS DOS CONTRATOS	31

74. Réxime xurídico	31
75. Reserva no contrato do dereito potestativo de modificación e resolución	31
B) EXECUCIÓN DOS CONTRATOS	32
76. Execución defectuosa e demora	32
77. Resolución por demora e prórroga dos contratos	33
78. Indemnización de danos e perdas	33
79. Principio de risco e ventura	33
80. Pagamento do prezo	33
81. Transmisión dos dereitos de cobramento	34
C) MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS	34
82. Supostos	34
83. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación	35
84. Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación	35
D) EXTINCIÓN DOS CONTRATOS	36
85. Cumprimento dos contratos e recepción da prestación	36
86. Causas de resolución dos contratos	36
87. Aplicación das causas de resolución	37
88. Efectos da resolución	37
E) CESIÓN DOS CONTRATOS E SUBCONTRATACIÓN	38
89. Cesión dos contratos	38
90. Subcontratación	38

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DAS INSTRUCIÓNIS.

1. Introducción

- 1.1 A mercantil PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. (no sucesivo, PTG) require de forma habitual a contratación de empresas ou institucións para a realización de traballos de diversa índole, que non pode executar con persoal propio, orientados a satisfacer adecuadamente as necesidades dos proxectos e actividades que aquel desenvolve.
- 1.2 As presentes Instrucións Internas de Contratación (en adiante, IIC) son de obrigado cumprimento para o PTG, tal e como sinala o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (no sucesivo, TRLCSP), e deben poñerse a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación de contratos regulados por elas e publicados no perfil de contratante do PTG.
- 1.3 Nestas IIC determínase o réxime xurídico de adxudicación dos contratos do PTG, axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación que presiden a contratación pública.

2. Ámbito de aplicación

- 2.1 Están sometidos ás presentes instrucións na forma e termos previstos nestas os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebre o poder adxudicador.

3. Negocios e contratos excluídos.

- 3.1 Están excluídos do ámbito das presentes instrucións os negocios e relacións xurídicas recollidas no artigo 4 do TRLCSP, na medida en que sexan aplicables ao poder adxudicador.

II. CUALIFICACIÓN DOS CONTRATOS E RÉXIME XURÍDICO

4. Cualificación dos contratos.

- 4.1 Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado que celebre o PTG cualifícanse de conformidade co disposto no TRLCSP.
- 4.2 Os restantes contratos cualifícanse segundo as normas de dereito privado que lles sexan de aplicación.

5. Contratos suxeitos a regulación harmonizada.

5.1 Aplicaranse os preceptos do TRLCSP para determinar os contratos que celebre o PTG que se suxeiten a regulación harmonizada.

6. Carácter privado dos contratos

6.1 Os contratos celebrados polo PTG terán a consideración de contratos privados.

6.2 Os contratos rexeranse en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polo TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, nos termos en que lle sexa aplicable aos poderes adxudicadores que non constitúen administracións públicas ou no que proceda polas remisión efectuadas polas presentes instrucións ou os pregos de condicións ou contratos, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

6.3 En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

7. Xurisdición competente

7.1 A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

7.2 A orde xurisdicional civil será a competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación e adxudicación dos contratos cando non estean suxeitos a regulación harmonizada.

7.3 En canto aos efectos, cumprimento e extinción dos contratos, a orde xurisdicional civil será sempre a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción de todos os contratos concertados.

III. CONFIGURACIÓN XERAL DA CONTRATACIÓN DO PTG E ELEMENTOS ESTRUTURAIOS DOS CONTRATOS

8. Necesidade e idoneidade do contrato

8.1 O PTG, de conformidade co sinalado no artigo 22 do TRLCSP, non poderá celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á adxudicación.

9. Prazo de duración dos contratos

9.1 A duración dos contratos deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización destas.

9.2 O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrencia para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.

9.3 A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o adxudicatario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

9.4 Os contratos menores definidos nestas instrución non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

10. Liberdade de pactos

10.1 O PTG poderá incluír nos seus contratos calquera pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, sendo aplicable o disposto no artigo 25 do TRLCSP.

11. Contido mínimo do contrato

11.1 De conformidade co sinalado no artigo 26 do TRLCSP, salvo que xa se atopen recollidas nos pregos, os contratos que celebre o PTG deben incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes.
- b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
- c) Definición do obxecto do contrato.
- d) Referencia a lexislación aplicable ao contrato
- e) A enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresase no contrato, esta numeración poderá estar xerarquizada, ordenándose segundo a orde de prioridade acordada polas partes, en cuxo suposto, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva, en caso de que existan contradicións entre diversos documentos.
- f) O prezo certo, ou modo de determinalo.

- g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
- h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- i) As condicións de pagamento.
- j) Os supostos en que procede a resolución.
- k) O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.
- l) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.

11.2 O contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles.

12. Perfección dos contratos

12.1 Os contratos que celebre o PTG perfecciónanse mediante a súa formalización.

12.2 Salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos do PTG entenderanse celebrados no lugar onde se atope a sede do órgano de contratación.

13. Carácter formal da contratación

13.1 O PTG non poderá contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia.

13.2 Os contratos formalizaranse en documento privado, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores nas presentes instrucións.

14. Arbitraje

14.1 Os pregos de condicións ou, cando estes non existan, o contrato, poderá remitir a unha arbitraje, conforme ás disposicións da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, a solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos.

15. Réxime de invalidez dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

15.1 Para os contratos suxeitos a regulación harmonizada será de aplicación o disposto nos artigos 31 e seguintes do TRLCSP en canto ao seu réxime de invalidez.

16. Recurso especial en materia de contratación

16.1 Para os contratos suxeitos a regulación harmonizada e para os contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II do TRLCSP de valor estimado igual ou superior a 200.000 euros, IVE. excluído, serán de aplicación os artigos 40 e seguintes do TRLCSP en canto ao recurso especial en materia de contratación.

17. Competencia para contratar. Órgano de contratación

17.1 Para a determinación do representante do PTG en materia de contratación haberá de estarse ao que determinen en cada momento as súas normas estatutarias.

17.2 O órgano de contratación poderá delegar as súas competencias e facultades nesta materia co cumprimento das normas e formalidades para o outorgamento de poderes.

18. Responsable do contrato

18.1 O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato de acordo co disposto no artigo 52 do TRLCSP.

19. Perfil do contratante

19.1 O órgano de contratación, co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual do PTG, difundirá, a través da páxina web institucional do PTG, o seu perfil de contratante.

19.2 No perfil de contratante farase constar a seguinte información:

- a) As instrucións internas de contratación.
- b) Os anuncios de licitación
- c) Características xerais dos contratos.
- d) Pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- e) A adxudicación dos contratos.

- 19.3 A forma de acceso ao perfil de contratante especificarase na páxina web institucional do PTG, nos pregos e nos anuncios de licitación.
- 19.4 O sistema informático que soporta o perfil de contratante do PTG contará cun dispositivo que permita acreditar de forma fidedigna o momento do inicio da difusión pública da información que se inclúa neste, todo isto en garantía do principio de publicidade e transparencia.
- 19.5 Ao obxecto de dar cumprimento ao artigo 191 do TRLCSP, as presentes instrucións publicaranse no perfil do contratante, quedando a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos celebrados polo PTG.

20. Capacidade e solvencia do empresario

- 20.1 De conformidade co establecido no artigo 54 do TRLCSP, poderán contratar co PTG as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- 20.2 Para efectos de acreditar a capacidade de obrar dos empresarios será de aplicación o disposto nos artigos 55 a 60 e 72 do TRLCSP. Así mesmo, deberán acreditar a non concorrencia de ningunha das prohibicións de contratar na forma indicada no artigo 73 do TRLCSP.
- 20.3 Nos mesmos supostos nos que o TRLCSP esixe clasificación, o PTG poderá esixir nos pregos unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para asinar o correspondente contrato. Poderase esixir tamén a clasificación e unha solvencia de forma subsidiaria para o caso de non dispoñer de clasificación, que fose equivalente a aquela.
- 20.4 Os medios para levar a cabo a acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional serán os establecidos nos artigos 75 e seguintes do TRLCSP. O órgano de contratación indicará nos pregos as condicións mínimas de solvencia que os empresarios deban acreditar.
- 20.5 De conformidade co establecido no artigo 74.2 do TRLCSP, a clasificación do empresario constituirá medio de proba para acreditar a súa solvencia nos contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivese e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.
- 20.6 A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas do Estado e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia acreditará as condicións e aptitudes que en cada un se reflectan na forma establecida no artigo 83 do TRLCSP.

21. Obxecto, prezo e contía do contrato

- 21.1 Son aplicables ao PTG os artigos 86 a 88 do TRLCSP.
- 21.2 En particular, no expediente de contratación, como partida independente do prezo do contrato, indicárase o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba soportar PTG.
- 21.3 Os prezos fixados nos contratos celebrados polo PTG poderán ser revisados ou actualizados na forma pactada no contrato, xa sexa á alza ou á baixa, para ter en conta variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato. O sistema de revisión de prezos establecerase, se é o caso, nos pregos, podendo remitirse ao réxime recollido no TRLCSP.

22. Garantías

- 22.1 O PTG poderá, se o estima conveniente, esixir a prestación dunha garantía aos licitadores ou candidatos, para responder do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato ou ao adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación.
- 22.2 O importe da garantía, así como o réxime da súa devolución ou cancelación, serán establecidos polo PTG atendidas as circunstancias e características do contrato.
- 22.3 Ás referidas garantías seralles de aplicación o disposto nos artigos 96 e 97 do TRLCSP.

IV. PREPARACIÓN DOS CONTRATOS

23. Aplicación do artigo 137.1 do TRLCSP.

- 23.1 De acordo co sinalado no artigo 137.1 do TRLCSP, nos contratos celebrados polo PTG que estean suxeitos a regulación harmonizada ou que sexan contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II do TRLCSP de contía igual ou superior a 200.000 euros:
 - 23.1.1 Deberán observarse as regras establecidas no artigo 117 do TRLCSP para a definición e establecemento de prescricións técnicas, sendo igualmente de aplicación o previsto nos artigos 118 e 120.
 - 23.1.2 Se a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación

preparatoria. Neste caso será de aplicación o previsto no artigo 112.2 b) do TRLCSP sobre redución de prazos.

24. Regras procedimentais aplicables en supostos de urxencia e emerxencia.

- 24.1 Se a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, e o órgano de contratación declara urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria, será de aplicación o previsto no artigo 112.2 b) do TRLCSP.
- 24.2 Nos casos de tramitación de urxencia introducirase nos pregos de condicións que o órgano de contratación poderá acordar o comezo da execución do contrato aínda que non se formalizase este, sempre que, no seu caso, se constituíra a garantía correspondente.
- 24.3 Poderase aplicar a tramitación de emerxencia nos supostos excepcionais en que o PTG teña que actuar de xeito inmediato a causa de acontecementos catastróficos ou de situacións que supoñan grave perigo. Para estes casos estarase ás regras análogas ao réxime excepcional previsto no artigo 113 do TRLCSP.

25. Contratos menores

- 25.1 Os contratos menores esixen unicamente un expediente simplificado para cuxa tramitación tan só se require a aprobación do gasto e a incorporación a este da factura correspondente, excepto no caso de contratos de obras, nos que ademais deberá incorporarse un presuposto, sen prexuízo da existencia do correspondente proxecto técnico cando normas específicas así o requiran.
- 25.2 A duración destes contratos non poderá ser superior a un ano, e estes non poderán ser obxecto de prórroga.
- 25.3 Considéranse contratos menores os seguintes:
 - 25.3.1 Contratos de obras de contía inferior a 50.000 euros (IVE excluído).
 - 25.3.2 Calquera outro tipo de contrato de contía inferior a 18.000 euros (IVE excluído).
- 25.4 Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

V. ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

26. Normas aplicables

26.1 De conformidade con sinalado no artigo 190 do TRLCSP, a adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada rexeráse polas normas establecidas no Capítulo I, do Título I, do Libro III do TRLCSP coas adaptacións que se indican no devandito precepto.

27. Convocatoria de licitacións.

27.1 Non será preciso publicar as licitacións e adxudicacións nos diarios oficiais nacionais a que se refire o parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 142 do TRLCSP e o parágrafo primeiro do apartado 2 do artigo 154 do TRLCSP.

27.2 De conformidade cos artigos 190 e 142.4 do TRLCSP, será aplicable unha tripla identidade:

- A publicación efectuada no Diario Oficial da Unión Europea.
- A inserción da correspondente información na plataforma de contratación á que se refire o artigo 334 do TRLCSP ou no sistema equivalente xestionado pola Administración Pública da que dependa a entidade contratante, sen prexuízo da utilización de medios adicionais con carácter voluntario.
- Os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil do contratante do órgano de contratación.

28. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.

28.1 Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada aplicaranse os prazos establecidos no TRLCSP.

29. Redución de prazos en caso de tramitación urxente

29.1 De conformidade co sinalado no artigo 190 do TRLCSP, se, por razóns de urxencia, resultase impracticable o cumprimento dos prazos mínimos establecidos, será de aplicación o previsto no artigo 112.2 b) do TRLCSP sobre redución de prazos.

30. Criterios de valoración das ofertas

30.1 De acordo co artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a

criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato. Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este ha de ser, necesariamente, o do prezo máis baixo.

- 30.2 Os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e detallaranse no anuncio, nos pregos de bases xurídicas ou no documento descritivo.
- 30.3 Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.
- 30.4 Cando nunha licitación que se siga por procedemento aberto ou restrinxido se atribúa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas unha ponderación inferior á correspondente aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, o informe de valoración necesario para a avaliación das ofertas conforme aos criterios que dependen dun xuízo de valor poderá ser efectuado por un técnico ou técnicos que poderán depender do órgano da sociedade proponente do contrato, sen que deba constituírse o comité de expertos previsto no artigo 150.2 do TRLCSP. Sen prexuízo diso, o órgano de contratación poderá decidir o nomeamento do comité de expertos. Tamén poderá encomendarse esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

31. Mesa de contratación

- 31.1 Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do TRLCSP. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.
- 31.2 A mesa estará constituída por un presidente, vogais e un secretario, nomeados polo órgano de contratación.
- 31.3 Para asistir ao órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo, constituirase unha mesa á que se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que verse o diálogo, designadas polo órgano de contratación.

32. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

- 32.1 A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando o órgano de contratación presuma fundamentamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados, de acordo co disposto neste apartado.

- 32.2 Cando o único criterio valorable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o do seu prezo, para apreciar o carácter desproporcionado ou anormal destas ofertas estarase aos parámetros obxectivos que se establezan nos pregos.
- 32.3 Nos casos en que para a adxudicación deba considerarse máis dun criterio de valoración, os pregos deberán expresar os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. En particular, se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación, poderán indicarse no prego os límites que permitan apreciar, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.
- 32.4 Será aplicable, polo demais, o disposto no artigo 152 do TRLCSP.
- 33. Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos en que non se recollan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.**
- 33.1 A mesa cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 146 do TRLCSP. Esta documentación deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición.
- 33.2 A mesa, no día sinalado no anuncio, procederá á apertura das proposicións en acto público, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.
- 33.3 Cando para a valoración das proposicións se deban de ter en conta criterios distintos ao do prezo, pediranse pola mesa, de consideralos necesarios, os informes técnicos pertinentes.
- 33.4 A mesa formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario.
- 33.5 A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto, circunstancia que procurará recollese nos pregos.
- 34. Exame das proposición e proposta de adxudicación nos procedementos abertos e restrinxidos cando se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas.**
- 34.1 Cando nunha licitación que se siga por procedemento aberto ou restrinxido se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios

avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas, realizarase en primeiro lugar a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cualificación dependa dun xuízo de valor, deixándose constancia documental diso.

- 34.2 Neste casos, os pregos establecerán a presentación da proposición dividida en dous sobres para facer posible a indicada valoración separada. Non se procederá á apertura pública do sobre no que figure a parte da proposición valorable de forma automática ata que se realice a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

35. Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación

- 35.1 De conformidade co sinalado no artigo 151 do TRLCSP, o órgano de contratación clasificará, atendendo aos criterios de adxudicación sinalados nos pregos ou no anuncio, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.
- 35.2 O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.
- 35.3 De non cumprirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, estenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.
- 35.4 O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.
- 35.5 Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.
- 35.6 A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

35.7 A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40 do TRLCSP, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, En particular, a notificación expresará os seguintes extremos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.
- b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que no se admitise a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que se teñan presentado os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

35.8 Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 do TRLCSP.

35.9 En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao artigo 156.3 do TRLCSP.

35.10 A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos terían designado ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Non obstante, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, será de cinco días.

36. Formalización do contrato

36.1 De conformidade co sinalado no artigo 190 do TRLCSP, para os contratos suxeitos a regulación harmonizada non resultan de aplicación as normas contidas no artigo 156 do TRLCSP respecto da formalización dos contratos, sen prexuízo de que deba observarse o prazo previsto no apartado 3 e o disposto no apartado 5.

36.2 A formalización dos contratos realizarase en documento privado e no prazo establecido nos pregos. Os contratos poderán elevarse a escritura pública, correndo cos gastos a persoa que faga a devandita solicitude.

36.3 A obriga de formalización do contrato deberá recollerse nos pregos de condicións, previndo, así mesmo que cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá

resolver o contrato, así como incautar a garantía provisional que, no seu caso, se constituíse.

VI. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

37. Principios aplicables á adxudicación destes contratos

37.1 De conformidade co sinalado no artigo 191 do TRLCSP, na adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada serán de aplicación as seguintes disposicións:

37.1.1 A adxudicación estará sometida, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

37.1.2 A adxudicación realizarase a quen presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

37.1.3 Entenderanse cumpridas as esixencias derivadas do principio de publicidade coa inserción da información relativa á licitación dos contratos cuxo importe supere os 50.000 euros (IVE excluído) no perfil do contratante do PTG, sen prexuízo de que estas instrucións poidan arbitrar outras modalidades ou alternativas adicionais de difusión.

38. Procedementos de adxudicación

38.1 A adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. Nos mesmos supostos que os enumerados no TRLCSP, poderá seguirse o procedemento negociado ou o diálogo competitivo.

38.2 O PTG poderá concluír contratos menores nos termos indicados nas presentes instrucións.

39. Mesa de contratación

39.1 Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refiren os apartados 1 e 2 do artigo 177 do TRLCSP. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncio de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.

39.2 A mesa estará constituída por un presidente, vogais e un secretario, nomeados todos eles polo órgano de contratación.

39.3 Para asistir ao órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo, constituirase unha mesa á que se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que versará o diálogo.

40. Principios de igualdade e transparencia

40.1 O órgano de contratación dará aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa actuación ao principio de transparencia.

41. Confidencialidade

41.1 O PTG non divulgará a información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial. Este carácter afecta, en particular, aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das ofertas.

41.2 Así mesmo, o contratista deberá respectar a confidencialidade daquela información á que teña acceso durante a execución do contrato á que se lle dese o dito carácter no contrato de adxudicación ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. O deber de confidencialidade manterase durante un prazo de cinco anos desde a data en que teña coñecemento da información salvo que no contrato se estableza un prazo maior.

41.3 En consecuencia, queda expresamente prohibida a reprodución, distribución, comunicación, transformación, posta a disposición ou calquera tipo de manipulación da información confidencial do PTG, contida tanto en soportes magnéticos como en soportes convencionais, a ningunha terceira persoa física ou xurídica, de forma gratuíta ou onerosa.

41.4 O contratista será responsable do cumprimento das obrigacións de confidencialidade do persoal ao seu servizo e de calquera persoa ou entidade que sexa colaboradora ou subcontratada por elas.

41.5 O contratista só permitirá o acceso á información confidencial a aquelas persoas que teñan necesidade de coñecela para o desenvolvemento das actividades e servizos contratados.

42. Convocatoria de licitacións

42.1 A convocatoria das licitacións daráselle publicidade a través do perfil do contratante do PTG nos termos establecidos nestas instrucións.

43. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións

43.1 Os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación deberán establecerse tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

44. Proposicións dos interesados

44.1 Será aplicable o disposto nos artigos 145 e 146 do TRLCSP. A presentación das proposicións polos interesados suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións dos pregos, sen salvidade ou reserva ningunha.

45. Admisibilidade de variantes ou melloras

45.1 Naqueles casos en que na adxudicación haxa que ter en conta criterios distintos do prezo, o prego poderá contemplar expresamente a admisión de variantes ou melloras formuladas polos licitadores.

45.2 A admisibilidade de variantes ou melloras indicárase no anuncio de licitación do contrato sinalándose sobre que elementos e en que condicións se autorizan estas.

46. Poxa electrónica

46.1 Para os efectos de adxudicación dun contrato, o PTG poderá celebrar unha poxa electrónica, articulada como un proceso interactivo que ten lugar tras unha primeira avaliación completa das ofertas, para a presentación de melloras nos prezos ou de novos valores relativos a determinados elementos das ofertas que as melloren no seu conxunto, baseado nun dispositivo electrónico que permita a súa clasificación a través de métodos de avaliación automáticos.

46.2 A poxa electrónica poderá empregarse nos procedementos abertos, restrinxidos e nos negociados que se sigan no caso en que as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos ou restrinxidos seguidos previamente sexan irregulares ou inaceptables por terse presentado por empresarios carentes de aptitude, por incumprimento nas ofertas das obrigacións legais relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente e condicións de traballo a que se refire o artigo 119 do TRLCSP, por infrinxir as condicións para a presentación de variantes ou melloras, ou por incluír valores anormais ou desproporcionados, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato.

46.3 En todo caso, a poxa electrónica só poderá utilizarse cando as especificacións do contrato que deba adxudicarse poidan establecerse de maneira precisa e que as prestacións que constitúen o obxecto deste non teñan carácter intelectual. Agora ben, non poderá recorrerse á poxa electrónica de forma abusiva ou de modo que se

obstaculice, restrinja ou falsee a competencia ou que sexa modificado o obxecto do contrato.

46.4 A poxa electrónica basearase en variacións referidas ao prezo ou a valores dos elementos da oferta que sexan cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

46.5 Naqueles casos en que o PTG decida acudir a unha poxa electrónica como medio de selección dun contratista, indicarao no anuncio de adxudicación, incluíndo no prego de condicións a seguinte información.

- Os elementos a cuxos valores se refira a poxa electrónica.
- De ser o caso, os límites dos valores que poderán presentarse, tal como resulten das especificacións do obxecto do contrato.
- A información que se porá a disposición dos licitadores durante a poxa electrónica e o momento en que se facilitará.
- A forma en que se desenvolverá a poxa.
- As condicións en que os licitadores poderán poxar, e en particular as melloras mínimas que se esixirán, se é o caso, para cada poxa.
- O dispositivo electrónico utilizado e as modalidades e especificacións técnicas de conexión.

46.6 Antes de proceder á poxa electrónica, o PTG efectuará unha primeira avaliación completa das ofertas de conformidade cos criterios de adxudicación e a continuación invitará simultaneamente, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, a todos os licitadores que presentasen ofertas admisibles a que presenten novos prezos revisados á baixa ou novos valores que melloren a oferta.

46.7 A invitación incluírá toda a información pertinente para a conexión individual ao dispositivo electrónico utilizado e precisará a data e a hora de comezo da poxa electrónica. Así mesmo, indicarse nela a fórmula matemática que se utilizará para a reclasificación automática das ofertas en función dos novos prezos ou dos novos valores que se presenten. Esta fórmula incorporará a ponderación de todos os criterios fixados para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa, tal como se indicase no anuncio de licitación ou no prego, para a cal, as eventuais bandas de valores deberán expresarse previamente cun valor determinado. En caso de que se autorice a presentación de variantes ou melloras, proporcionaranse fórmulas distintas para cada unha, se isto é procedente.

46.8 Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, acompañarase á invitación o resultado da avaliación da oferta presentada polo licitador.

46.9 Entre a data de envío das invitacións e o comezo da poxa electrónica haberán de transcorrer, polo menos, dous días hábiles.

46.10 O peche da poxa terá lugar na data e hora concretas indicadas na invitación a participar na poxa.

47. Sucesión no procedemento

47.1 Resultará de aplicación o disposto no artigo 149 do TRLCSP.

48. Criterios de valoración das ofertas

48.1 Será aplicable o disposto no artigo 150 do TRLCSP para os criterios de valoración das ofertas, se ben non será necesaria a constitución do comité de expertos previsto nese precepto.

48.2 Non será preciso efectuar unha avaliación separada das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e a daqueles outros criterios en que non concorra esta circunstancia, se ben os pregos poderán optar por ese sistema.

49. Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación

49.1 De conformidade co sinalado no artigo 151 do TRLCSP, o órgano de contratación clasificará, atendendo aos criterios de adxudicación sinalados nos pregos ou no anuncio, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

49.2 O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

49.3 De non cumprirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma

documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

- 49.4 O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.
- 49.5 Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.
- 49.6 A adxudicación deberá ser motivada, notificarse aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.
- 49.7 A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, a notificación expresará os seguintes extremos:
- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.
 - b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que no se admitise a súa oferta.
 - c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que se teñan presentado os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- 49.8 Será de aplicación a motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 do TRLCSP.
- 49.9 En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao artigo 156.3 do TRLCSP.
- 49.10 A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos terían designado ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Non obstante, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, será de cinco días.

50. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

50.1 Estarase ao sinalado na instrución 32.

51. Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación

51.1 No caso en que o órgano de contratación renuncie a asinar un contrato para o que efectuara a correspondente convocatoria, ou decida reiniciar o procedemento para a súa adxudicación, notificarao aos candidatos ou licitadores.

51.2 A renuncia á celebración do contrato ou desistencia do procedemento só se poderá acordar polo órgano de contratación antes da adxudicación. En ambos os dous casos compensarase aos candidatos ou licitadores polos gastos en que incorresen, na forma prevista no prego, ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade por danos.

51.3 No caso de que se renunciase ao contrato, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns xustificativas da renuncia.

51.4 A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras da adxudicación, debendo xustificarse no expediente de contratación a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

52. Formalización do contrato

52.1 Resultará de aplicación o disposto nos apartados 2 e 3 da instrución 36.

VII. PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

A) PROCEDEMENTO ABERTO

53. Delimitación

53.1 No procedemento aberto, todo empresario poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

54. Información aos licitadores

54.1 Resultará de aplicación o disposto no artigo 158 do TRLCSP.

55. Prazos para a presentación de proposicións

- 55.1 O prazo de presentación de proposicións non será inferior a 10 días, contados dende a publicación do anuncio do contrato no perfil do contratante.
- 55.2 O prazo previsto con anterioridade poderá reducirse cando por razóns de urxencia debidamente acreditadas no expediente, non poidan observarse os prazos fixados, en cuxo caso poderán reducirse os prazos sen que en ningún caso sexan inferiores a 7 días.
- 55.3 Os prazos establecidos computaranse por días naturais.

56. Exame das proposicións e proposta de adxudicación

- 56.1 A mesa de contratación cualificará previamente a documentación á que se refire o artigo 146 LCSP, que deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición, e procederá posteriormente á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario.
- 56.2 En todo caso, a apertura das proposicións realizarase en acto público, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.
- 56.3 Cando para a valoración das proposicións se deban ter en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para iso poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.
- 56.4 A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

B) PROCEDIMIENTO RESTRINXIDO

57. Caracterización

- 57.1 No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, á súa solicitude e en atención á súa solvencia, sexan seleccionados polo órgano de contratación. Neste procedemento estará prohibida toda negociación dos termos do contrato cos solicitantes ou candidatos.

58. Criterios para a selección de candidatos

- 58.1 Con carácter previo ao anuncio da licitación, o órgano de contratación deberá establecer os criterios obxectivos de solvencia conforme aos cales se elixirán os candidatos que van ser convidados a presentar proposicións.
- 58.2 O órgano de contratación sinalará o número mínimo de empresarios aos que convidará a participar no procedemento, que non poderá ser inferior a cinco. Se así se estima procedente, o órgano de contratación poderá igualmente fixar o número máximo de candidatos aos que se invitará a presentar oferta.
- 58.3 En calquera caso, o número de candidatos invitados debe ser suficiente para garantir unha competencia efectiva.
- 58.4 Os criterios ou normas obxectivos e non discriminatorios conforme aos cales se seleccionará aos candidatos, así como o número mínimo e, no seu caso, o número máximo daqueles aos que se invitará a presentar proposicións indicaranse no anuncio de licitación.

59. Solicitudes de participación

- 59.1 O prazo de recepción das solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días, contados dende a publicación do anuncio no perfil do contratante do PTG,
- 59.2 As solicitudes de participación deberán ir acompañadas da documentación a que se refire o artigo 146.1 LCSP.

60. Selección de solicitantes

- 60.1 O órgano de contratación, unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, seleccionará os que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións.
- 60.2 O número de candidatos invitados a presentar proposicións deberá ser igual, polo menos, ao mínimo que, no seu caso, se fixase previamente. Cando o número de candidatos que cumpran os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida invitarse a empresarios que non solicitaran participar neste, ou a candidatos que non posúan esas condicións.

61. Contido dos convites e información aos convidados

- 61.1 Os convites conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción de ofertas, o enderezo ao que deban enviarse e a lingua en que deban estar redactadas, os criterios de adxudicación do

contrato que se terán en conta e a súa ponderación relativa ou, no seu caso, a orde decrecente de importancia atribuída a estes, se non figurasen no anuncio de licitación, e o lugar, día e hora da apertura de proposicións.

- 61.2 O convite aos candidatos incluírá un exemplar dos pregos e copia da documentación complementaria, ou conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso a estes documentos, cando os mesmos se poñan directamente á súa disposición por medios electrónicos, informáticos e telemáticos conforme ao disposto no número seguinte das presentes instrucións.
- 61.3 Os órganos de contratación ou os servizos competentes deberán facilitar, antes dos seis días anteriores á data límite fixada para a recepción de ofertas, a información suplementaria sobre os pregos ou sobre a documentación complementaria que se lles solicite coa debida antelación polos candidatos.
- 61.4 Será de aplicación neste procedemento o previsto no artigo 158.3 do TRLCSP.

62. Proposicións e Adxudicación

- 62.1 O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a 10 días, contados dende a data de envío da invitación.
- 62.2 O prazo indicado poderá reducirse no caso de declaración de urxencia a 7 días.
- 62.3 Os prazos establecidos computaranse por días naturais.
- 62.4 Na adxudicación do contrato será de aplicación o previsto na instrución 56, salvo o que se refire á necesidade de cualificar previamente a documentación a que se refire o artigo 146 LCSP.

C) PROCEDIMENTO NEGOCIADO

63. Caracterización

- 63.1 No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles.
- 63.2 O procedemento negociado será obxecto de publicidade previa nos casos previstos no artigo 177 do TRLCSP, nos que será posible a presentación de ofertas en concorrencia por calquera empresario interesado. Nos restantes supostos, non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia mediante o cumprimento do previsto no artigo 178.1 do TRLCSP.

64. Supostos xerais de aplicación

64.1 Os contratos que celebre o PTG poderán adxudicarse mediante procedemento negociado nos mesmos casos que os establecidos no artigo 170 do TRLCSP.

65. Supostos específicos

65.1 Ademais de nos casos previstos no número anterior, os contratos de obras poderán adxudicarse por procedemento negociado nos supostos enumerados no artigo 171 do TRLCSP, os contratos de concesión de servizos nos supostos enumerados no artigo 172 do TRLCSP, os contratos de subministración nos casos previstos no artigo 173 do TRLCSP, os contratos de servizos nos supostos previstos no artigo 174 do TRLCSP. Os restantes contratos do PTG poderán ser adxudicados por procedemento negociado, ademais, cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 euros.

66. Delimitación da materia obxecto de negociación

66.1 No prego de condicións determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, deban ser obxecto de negociación coas empresas.

67. Anuncio de licitación e presentación de solicitudes de participación

67.1 Cando se acuda ao procedemento negociado por concorrer as circunstancias previstas nas letras a) e b) do artigo 170 do TRLCSP, na letra a) do artigo 171 do TRLCSP, ou na letra a) do artigo 174 do TRLCSP, o órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante.

67.2 Poderá prescindirse da publicación do anuncio cando se acuda ao procedemento negociado por presentarse ofertas irregulares ou inaceptables nos procedementos antecedentes, sempre que na negociación se inclúa todos os licitadores que no procedemento aberto ou restrinxido, ou no procedemento de diálogo competitivo seguido con anterioridade presentasen ofertas conformes cos requisitos formais esixidos, e só a eles.

67.3 Igualmente, nos contratos que poidan adxudicarse por procedemento negociado por ser a súa contía inferior á indicada nos artigos 171, letra d), 172, letra b), 173, letra f), 174, letra e) e 175 do TRLCSP, deberá publicarse un anuncio de licitación no perfil de contratante cando o seu valor estimado sexa superior a 50.000 euros.

67.4 Serán de aplicación ao procedemento negociado, nos casos en que se proceda á publicación de anuncios de licitación, as normas contidas nos números 59 a 62 das presentes instrucións, ambos os dous inclusive. Non obstante, en caso de que se decida limitar o número de empresas ás que se invitará a negociar, deberá terse en conta o sinalado no apartado primeiro do número seguinte.

68. Negociación dos termos do contrato

- 68.1 No procedemento negociado será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.
- 68.2 O órgano de contratación poderá articular o procedemento negociado en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de ofertas a negociar mediante a aplicación dos criterios de adxudicación sinalados no anuncio de licitación ou no prego de condicións, indicándose nestes se se vai facer uso desta facultade. O número de solucións que cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que se presentaran un número suficiente de solucións ou de candidatos axeitados.
- 68.3 Durante a negociación, o órgano de contratación velará porque todos os licitadores reciban igual trato. En particular non facilitarán, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto.
- 68.4 O órgano de contratación negociará cos licitadores as ofertas que estes presentaran para adaptalas aos requisitos indicados no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio de licitación, no seu caso, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.
- 68.5 No expediente deberá deixarse constancia dos convites cursados, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

D) DIÁLOGO COMPETITIVO

69. Remisión ás regras do TRLCSP.

- 69.1 Resultará de aplicación o disposto nos artigos 179 a 183 do TRLCSP

VIII. RACIONALIZACIÓN TÉCNICA DA CONTRATACIÓN

70. Sistemas para a racionalización técnica da contratación

- 70.1 Para racionalizar e ordenar a adxudicación, o PTG poderá concluír acordos marco, articular sistemas dinámicos, ou centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións.

71. Acordos marco

- 71.1 Cando se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, os acordos marco deberán axustarse ás disposicións do Título II do Libro III do TRLCSP.

71.2 No resto dos contratos, estarase ao establecido nos artigos 196 e seguintes do TRLCSP, se ben os requisitos de publicidade entenderanse cumpridos mediante a publicación dos anuncios correspondentes no perfil do contratante do PTG.

72. Sistemas dinámicos de contratación

72.1 Cando se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, os sistemas dinámicos de contratación deberán axustarse ás disposicións do Título II do Libro III do TRLCSP.

72.2 No resto dos contratos, estarase ao establecido nos artigos 199 e seguintes do TRLCSP, se ben os requisitos de publicidade entenderanse cumpridos mediante a publicación dos anuncios correspondentes no perfil do contratante do PTG.

73. Centrais de contratación

73.1 O PTG poderá adherirse a sistemas de contratación centralizada establecidos polas Administración públicas a través da conclusión do correspondente acordo na forma prevista no TRLCSP.

IX. EFECTOS E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS

A) EFECTOS DOS CONTRATOS

74. Réxime xurídico

74.1 Os efectos dos contratos celebrados polo poder adxudicador, como contratos privados, rexeranse polo dereito privado e polos pregos de condicións e de prescricións técnicas.

75. Reserva no contrato do dereito potestativo de modificación e resolución

75.1 O órgano de contratación reservarase expresamente nos pregos, ou cando estes non sexan necesarios, no contrato, a facultade de modificalos así como dalos por resoltos, de acordo co establecido nas presentes instrucións.

75.2 No procedemento que se siga para a adopción do acordo relativo á modificación do contrato ou ao exercicio da facultade de resolución deberá darse audiencia ao contratista.

B) EXECUCIÓN DOS CONTRATOS

76. Execución defectuosa e demora

- 76.1 Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto deste ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se establecesen. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do presuposto do contrato.
- 76.2 Establecerase nos pregos que o contratista estará obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.
- 76.3 A constitución en demora do contratista non precisará intimación previa por parte do poder adxudicador.
- 76.4 Nos pregos establecerase que cando o contratista, por causas imputables a este, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, o PTG poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.
- 76.5 O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución.
- 76.6 Unha vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.
- 76.7 O PTG terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previse no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.
- 76.8 Cando o contratista, por causas imputables a este, incumprira a execución parcial das prestacións definidas no contrato, o PTG poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares.
- 76.9 As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato se fose designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto

de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non se poidan deducir das mencionadas certificacións.

77. Resolución por demora e prórroga dos contratos

77.1 No suposto a que se refire o número anterior, se o PTG optase pola resolución esta deberá acordarse polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista.

77.2 Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle sinalara, concederase polo PTG un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

78. Indemnización de danos e perdas

78.1 Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

78.2 Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do poder adxudicador, será este responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será o PTG responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por este no contrato de obras ou no de subministración de fabricación.

79. Principio de risco e ventura

79.1 A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do pactado nas cláusulas de repartición de risco que se inclúan nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

80. Pagamento do prezo

80.1 O contratista terá dereito ao aboamento da prestación realizada nos termos establecidos no contrato, conforme ao prezo convindo.

80.2 O pagamento do prezo poderá facerse de xeito total ou parcial, mediante aboamentos a conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pagamento en cada un dos vencementos que se estipulasen.

80.3 O contratista terá tamén dereito a percibir aboamentos a conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos, debéndose asegurar os referidos pagamentos mediante a prestación de garantía.

- 80.4 O PTG terá a obriga de aboar o prezo no prazo establecido no prego ou no contrato, dende a data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Este prazo non poderá ser superior ao prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e de modificación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e a Directiva 2011/7/UE pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (refundición), publicada no DOUE do 23 de febreiro de 2011 salvo que, consideradas todas as circunstancias do caso, entre elas, a natureza do produto ou servizo, a prestación por parte do debedor de garantías adicionais e os usos habituais do comercio, o establecemento dun prazo superior non teña carácter abusivo en prexuízo do acredor, e non excederá de 60 días naturais. Estas circunstancias deberán ser especialmente motivadas polo PTG no expediente de contratación.
- 80.5 Se o pagamento se demorase, o PTG deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo, os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Nos pregos ou contratos poderán establecerse cláusulas sobre as consecuencias da demora que difiran en canto ao tipo legal de xuro de demora establecido con carácter subsidiario na lei indicada cando concorran iguais circunstancias ás indicadas no apartado anterior e igualmente se motive no expediente de contratación.

81. Transmisión dos dereitos de cobramento

- 81.1 Os contratistas que teñan dereito de cobramento fronte ao poder adjudicador, poderán ceder o mesmo conforme a Dereito.
- 81.2 Para que a cesión do dereito de cobramento sexa efectiva fronte ao poder adjudicador, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a este do acordo de cesión.

C) MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS

82. Supostos

- 82.1 Sen prexuízo dos supostos previstos no TRLCSP de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos só poderán modificarse cando así se tivese previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP

82.2 En calquera outros supostos, se fose necesario que a prestación se executase en forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes. Este novo contrato deberá adxudicarse de acordo co previsto nestas instrucións.

82.3 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de sumar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria deste, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas nos artigos 171.b) e 174.b) do TRLCSP.

83. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación

83.1 Poderán modificarse os contratos sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallasen de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderá facerse uso desta, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que deba seguirse para iso.

83.2 Para estes efectos, os supostos en que poderá modificarse o contrato deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva e as condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.

83.3 As modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificase no anuncio ou nos pregos

84. Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

84.1 As modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das circunstancias relacionadas no artigo 107 do TRLCSP, así como nas condicións sinaladas no devandito precepto.

84.2 Antes de proceder á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se preparasen por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a 3 días, formule as consideracións que teña por conveniente

D) EXTINCIÓN DOS CONTRATOS

85. Cumprimento dos contratos e recepción da prestación

- 85.1 O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos, a totalidade da prestación.
- 85.2 En todo caso, a súa constatación esixirá por parte do PTG un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de condicións por razón das súas características.
- 85.3 Nos pregos e nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar da data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte do poder adjudicador, salvo os supostos en que se estableza outro prazo noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego.
- 85.4 Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235 do TRLCSP, dentro do prazo dun mes, a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, no seu caso, o saldo resultante. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

86. Causas de resolución dos contratos

- 86.1 Son causas de resolución dos contratos as seguintes:
- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 85 do TRLCSP.
 - b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
 - c) O mutuo acordo.
 - d) A non formalización do contrato en prazo.
 - e) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado no artigo 112.2.c) do TRLCSP.

- f) A demora no pagamento por parte do PTG por prazo superior ao establecido no artigo 216.6 do TRLCSP ou o inferior que fixase ao amparo do artigo 216.8
- g) O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.
- h) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ao interese público de continuarse executando a prestación neses termos, cando non sexa posible modificar o contrato conforme ao disposto nestas instrucións.
- i) Outras establecidas expresamente nos pregos ou no contrato.
- j) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato no TRLCSP.

87. Aplicación das causas de resolución

- 87.1 A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación, darán sempre lugar á resolución do contrato.
- 87.2 En caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, o PTG poderá potestativamente continuar o contrato se o contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquel para a súa execución.
- 87.3 Nos restantes casos, a resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a esta.

88. Efectos da resolución

- 88.1 Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar ao PTG os danos e perdas ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada.
- 88.2 Cando a resolución se acorde polas causas recollidas no apartado 86.1.h) destas instrucións, o contratista terá dereito a un indemnización do tres por cento do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista. Neste suposto, seguirase o procedemento establecido no artigo 225.6 do TRLCSP.

E) CESIÓN DOS CONTRATOS E SUBCONTRATACIÓN

89. Cesión dos contratos

89.1 Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro, sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, aplicándose os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

90. Subcontratación

90.1 O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, salvo que o contrato ou os pregos dispoñan o contrario ou que pola súa natureza e condicións se deduza que aquel debe ser executado directamente polo adxudicatario. A celebración dos subcontratos someterase nos pregos ao cumprimento dos requisitos e réxime indicados no artigo 227 do TRLCSP.